

RESIDENCIA DE ESTUDANTES EN BETANZOS PARA A FUNDACIÓN CIEC (Centro Internacional da Estampa Contemporánea) NO BARRIO DA CAÑOTA, ENTRE HORTAS URBANAS E A MARXE ESQUERDA DO RIO MANDEO.

Profesorado

De la Iglesia Pérez, Manuel
López Bahut, Emma
Fernández Madrid, Joaquín
Sánchez Iglesias, Santiago

Domínguez Díez, Eloy
Seoane Prado, Henrique
Paz Agras, Luz
Santos Vázquez, Ángeles

BETANZOS E O SEU CENTRO HISTÓRICO.

Betanzos é un núcleo urbano capital do municipio do mesmo nome, situado no noroeste peninsular e cunha poboación de 13.537 habitantes (INE 2011). A vila está flanqueada polas desembocaduras dos ríos Mendo e Mandeo. A partir do antigo peirao estes ríos conforman o esteiro da ria de Betanzos. A antiga Betanzos se situaba na localidade próxima de S. Martiño de Tiobre. A partir do ano 1200 a actual cidade múdase por razóns defensivas e aséntase por superposición no monte sobre o antigo poboado castrexo de Untia. O trazo orixinal do castro, de estrutura ovalada e cun escalonamento mimético coa topografía do monte, seguiu a ordenar os sucesivos trazados medievais de rúas e rueiros que foron formalizando o plano da vila a través da súa historia.

A vila configurouse dentro dun recinto amurallado con catro portas que comunicaban, a través das pontes, cos principais camiños de acceso e, entre eles, coa estrada de Castela. O seu interior ordenouse a través dun parcelario disposto en cuarteiróns pechados en torno a patios interiores. No seu desenvolvemento alternáronse edificacións residenciais entre medianeiras, edificios singulares como igrexas parroquiais e pazos urbanos e pequenas prazas a modo de espazos baleiros de gran calidade.

A vila é o centro económico e administrativo da comarca e na actualidade se seguen a celebrar os días de feira na Praza dos Irmáns García Naveira onde se pode mercar unha gran variedade de produtos hortícolas cultivados nas fragas da contorna.



Plano de Betanzos. 1926



Plano de Betanzos na actualidade(Google)



Fundación CIEC (I) e Pazo de Bendaña (D). P. da Constitución.



Fundación CIEC. Vista do espazo interior cos tórculos.

A FUNDACIÓN CIEC (Centro Internacional da Estampa Contemporánea)

A fundación CIEC foi creada polo artista betanceiro Jesús Nuñez no ano 1997 co obxectivo de promocionar e difundir as artes plásticas en xeral e o arte gráfico en particular. A fundación ten a súa sede na Praza da Constitución, nun edificio modernista do arquitecto Rafael González Villar. A principal actividade dos seus talleres é a estampación producida con diferentes técnicas como o gravado calcográfico, a xilografía, a litografía, a serigrafía, etc. Os talleres están instalados nun espazo diáfano de 1000 m2 distribuídos entre dúas plantas e divididos en áreas de traballo para a produción das estampacións realizadas cunhas mesas de estampación chamadas tórculos. Tamén ten una sala de exposición, biblioteca, oficina, e almacén. A fundación CIEC ten un gran recoñecemento pola organización dos Cursos Internacionais de Verán "Grafica" e polo nivel dos profesores que alumnos que pasan polos seus talleres. Imparte cursos todo o ano e tamén talleres puntuais recoñecidos pola UDC.

A CIDADE COMO ARQUITECTURA. Rúa da Fonte de Untia e Rúa da Cañota

Tal como explica o profesor J.L. Dalda (*DRU6. Juan Luis Dalda Escudero. Urbanista*) o crecemento das vilas medievais como Betanzos producíase a través dos rueiros urbanos en relación co territorio, dedicados á actividade agraria ou pesqueira e a carón dos cales se construían unidades residenciais de planta baixa e piso con balcón, todo elo dedicado a cortes, adegas, e secado de produtos agrícolas ou pesqueiros, aparte das funcións residenciais.

Os exemplos destas tipoloxías podemos enconralos no ámbito do lugar proposto para o enclave do proxecto dunha residencia para estudantes do CIEC. O rueiro en cuestión, rúa da Fonte de Untia, arranca ó norte na porta do Arco da Ponte Vella, continúa pola fronte o convento das Augustiñas, enlaza coa rúa da Cañota e remata na praza de Doña Águeda o sur. Os enlaces e continuidades destes antigos rueiros formalizan un espazo de transición entre a estrutura urbana intra-muros e o espazo rural.



Vivendas entre medianeiras no casco vello de Betanzos. (c.1900-1915)



Rúa da Fonte de Untia. Debuxos de J.L. García Fdez . España Dibujada. 1972



Rúa da Fonte de Untia hoxe.

O rueiro da Fonte de Unta e a súa continuación no rueiro da Cañota permitían a entrada e saída da cidade, ase como a colonización do espazo rural, o que posibilitaba a explotación das hortas a carón do río e as súas marismas co conseguinte fluxo de produtos cara a vila.

O longo do rueiro desenvolvéronse tipoloxías propias que mesturaban e adaptaban as funcións urbanas o espazo produtivo rural. Posteriormente, en moitos dos baixos destas vivendas xa se establecían talleres dedicados a servizos no casco urbano.

PROGRAMA

O traballo do taller consiste en proxectar unha residencia para estudantes visitantes e profesores invitados no CIEC. As estancias para ambos grupos limitaranse a períodos de curta duración coincidente cos cursos de artes gráficas e gravado que ofrece o centro durante todo o ano incluíndo o período de verán.

O programa se desenvolvera, como mínimo, a partir dos seguintes funcións:

- Recepción con pequeno despacho.
- 15-20 habitacións para estudantes
- 3-5 habitacións para profesores.
- Cafetaría – Comedor
- Espazos de exposicións
- Espazos de traballo/Talleres
- Biblioteca
- Espazos exteriores de lecer e de relación coas hortas

A traballo se desenvolvera a través de varias fases. A primeira consistirá o levantamento das preexistencias e o estado actual do lugar que nos permitirá analizar a realidade urbana en relación (1) coa rúa e os patróns tipolóxicos da contorna expostos no apartado anterior, (2) en relación coas hortas e a súa estrutura de pequenas parcelas agrícolas con construcións auxiliares e en xeral cos espazos naturais de lecer e cos valores visuais e paisaxísticos do río e as fragas, e (3) en relación cos sistemas de circulacións periféricos e de acceso o casco vello pensando na conexión co CIEC e con outros puntos de interese na vila..



Rua da Cañota. Vivendas fronte o solar.



Rúa da Cañota. Vivendas e o muro de peche do solar.



Ámbito de emprazamento da proposta

Unha segunda fase consistirá na elaboración do soporte gráfico e da maqueta de traballo producidos a partir da información e a análise da primeira fase. Expoñeráanse outros proxectos e arquitecturas construídas con contidos relevantes o traballo en cuestión.

A terceira fase consistirá na presentación de propostas conceptuais e funcionais que incluírán os requisitos programáticos que aquí se propoñen e a partir das cales xurdirá a proposta final.

En paralelo a proposta complementarase cos desenvolvementos estruturais, construtivos e de instalacións necesarios ase como coa súa adecuación construtiva ás normativas de obrigado cumprimento relacionadas co programa de traballo. A proposta desenvolverase primeiro como un proxecto Básico e finalmente como un Proxecto de Execución

O ENTORNO NATURAL. As hortas da fraga do río Mandeo

Desde o 2013 Betanzos é un dos 18 concellos que integran o espazo natural declarado reserva da biosfera e denominado “Mariñas Coruñesas e Terras do Mandeo”. Todos os concellos integrantes son limítrofes coas marxes dos ríos Mandeo e Mero.

As hortas que limitan co solar da proposta forman parte dese espazo natural protexido.



Vista do río Mandeo o seu pasa polo lugar de traballo. Dende o extremo inferior dereito vemos a Ponte Vella, a Rúa da Fonte de Untia, O convento das Agustinas. Mais adiante a rúa da Cañota, o espazo valeiro do solar proposta, e as hortas.